



Revista Electrónica
de Poesía

Aula de Poesía de Barcelona

<http://www.ub.es/aulapoesiabarcelona>

MANUEL FORCADELA: REFUTACIÓN DA MUSA (3 poemas)

Traducción per Basilio Losada

L'EDUCATION SENTIMENTALE

Eu nunca quixen ser guerreiro, camiñante,
Valente, destemido, calquera dos oficios
Que pode profesar un home impetuoso,
Fanático, efusivo. Tampouco desexei
Ser ave de salgueiro, vivir lonxe da vida,
Deixar de visitar os gozos que arrincamos
Á cruel moralidade herdada dos avós.
Axiña fun captado na rede dos vocábulos
E, aínda vagabundo, os libros frecuentei
E a música que acenden as palabras.
Os anos que pasaron houberon arrincarme
Os hábitos, os modos, as formas, as usanzas.
Mais foi Minerva fiel ao pacto que selamos
na miña mocidade e fíxome poeta
por sorte ou por desgracia, eu mesmo non o sei,
destino tan inútil como outros,
non menos implicado na longa sucesión
das causas e os efectos
que rexen sobre a historia,
acaso máis falaz,
incerto como todo o que obedece
ás regras caprichosas da linguaxe,
do ritmo e da medida,
tamén algo excesivo nos fastos, nos honores,
na ofensa e nos agravios,
un pouco extravagante e mesmo, mesmo dado
a erguer os aeroplanos da conciencia
en lírico delirio, celeste ofuscación.

L'EDUCATION SENTIMENTALE

*Yo nuna quise ser guerrro, caminante,
Valiente, audaz, cualquiera de los oficios
Que puede profesar un hombre impetuoso,
Fanático, efusivo. Tampoco deseé
Ser ave de sauce, vivir lejos de la vida,
Dejar de visitar los gozos que arrancamos
A la cruel moralidad heredada de los abuelos.
Pronto fui captado en la red de los vocablos
Y, aunque vagabundo, los libros frecuenté
Y la música que encienden las palabras.
Los años sucesivos oh casi me arrancaron
Los hábitos, los modos, las formas, las usanzas.
Mas fue Minerva fiel al pacto que sellamos
en mi juventud y me hizo poeta
por suerte o por desgracia, yo mismo no lo sé,
destino tan inútil como otros,
no menos implicado en la larga sucesión
de las causas y los efectos
que rigen la historia,
acaso más falaz,
incierto como todo lo que obedece
a las reglas caprichosas del lenguaje,
del ritmo y de la medida,
también algo excesivo en los fastos y en los honores,
en la ofensa y en los agravios,
un poco extravagante e incluso, incluso dado
a alzar los aeroplanos de la conciencia
en lírico delirio, celeste ofuscación.*

ARIADNA EN NAXOS

Despois de ter honrado o templo que as hortensias

Coroan cos seus ramos, coa fronda do seu voo;
De ter vertido as augas de aromas vexetais
Por riba destes mármore, por dentro desta sombra,
Camiño monte abaixo, co ímpeto do estío
E a aba dun outeiro permítame enxergar
A longa, despaciosa, oceánica extensión
De agosto derrubando alpaca sobre os mares
Non é máis ca un momento, o instante de poder
Apropiarme da néboa que a lonxe se ergue
E impregnar o interior coa cromática música
Dos azuis e dos brancos, dos verdes impregnados

Por acordes de sombra e harpexiadas umbrías.
E aí fico por sempre, detido nese punto
Da miña biografía.
Acaso nos lugares que Ariadna frecuentaba
Nas horas en que soubo de Zeus o fuxitivo
A trágica traición.

ARIADNA EN NAXOS

*Después de haber honrado el templo que las hortensias
Coronan con sus ramos, con la fronda de su vuelo;
De haber vertido las aguas de aromas vegetales
Sobre estos mármoles, dentro de esta sombra,
Camino monte abajo, en el impetu del estío
Y la falda de un otero me permite descubrir
La larga, despaciosa, oceánica extensión
De agosto derramando alpaca sobre los mares.
No es más que un momento, el instante de poder
Apropiarme de la niebla que a lo lejos se alza
E impregnar el interior con la cromática música
De los azules y los blancos, de los verdes impregnados
Por acordes de sombra y arpegiadas umbrías.
Y ahí quedo por siempre, parado en ese punto
De mi biografía.
Acaso en los lugares que Ariadna frecuentaba
En las horas en que supo de Zeus el fugitivo
La trágica traición.*

TANGO

Sen dúbida perdín o rumbo dos meus anos
O día en que deixei que, errante, te afastases
De min por unhas poucas palabras de arrebatado.
A vida aporta ás veces escura encrucillada,
Camiños que nos cómpre axiña distinguir,
E é fácil enganarse, optar por unha vía
Que leva á perdición, deixa atrás un paso
Que cruza un fondo corgo, e en troques preferir
Pasaxes que despois infindas nos obrigan
A nómadas vagar por ermos e desertos.
Así que non me estraña que agora, nesta altura,
Despois de tantos anos, no tempo en que os loureiros
Xa cinxen en coroa a miña heroica fronte,
Decidas regresar e escribas longa carta,
Relato do teu curso por bares, por haréns,
E digas que aínda sofres por coitas tan antigas.
Comprendo a túa mudanza. Eu son agora membro
De clubs elitistas, navego en grandes iates
Con ricos empresarios, conduzo un automóbil
Con coiro nos asentos, e teño amantes varias
De razas moi diversas que acoden á chamada
Solícitas e tenras. Desculpa a negativa

Mais creo que pasaron os meses en que, inxenuos,
Podíamos urdir fundar unha familia,
Compárnos un terreo, facermos unha casa.
Eu sigo a ser solteiro mais teño o corazón
Comesto de soidades e fracaso.

TANGO

*Sin duda perdí el rumbo de mis años
El día en que dejé que, errante, te alejases
De mí por unas pocas palabras de arrebató.
La vida aporta a veces oscura encrucijada,
Caminos que de pronto debemos distinguir,
Y es fácil engañarse, optar por una vía
Que lleva a la perdición, dejar atrás un paso
Que cruza una senda estrecha, y preferir en cambio
Caminos que después infinitos nos obligan
A nómadas vagar por yermos desiertos.
Así que no me extraña que ahora, en esta altura,
Después de tantos años, cuando ya los laureles
Ciñen en corona mi heroica frente,
Decidas regresar y escribas larga carta,
Relato de tu paso por bares, por harenes,
Y digas que aún sufres por cuitas tan antiguas.
Comprendo tu mudanza. Yo soy ahora miembro
De clubes elitistas, navego en grandes yates
Con ricos empresarios, conduzco un automóvil
Con asientos de cuero, y tengo amantes varias
De razas muy diversas que acuden a la llamada
Solicitas y tiernas. Disculpa la negativa
Pero creo que pasaron los meses en que, ingenuos,
Podíamos urdir formar una familia,
Comprarnos un terreno, construir una casa.
Yo sigo aún soltero pero tengo el corazón
Comido de ñoranza y de fracaso.*